



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/18186/2022 19/08/2022

Area / Unidade PERSONAL PE0000 AMG	Documento 10816I0BBX	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/644	
260W 2J5R 6N3A 1N14 0ODQ	Data 16-08-2022	

Asunto: Cobertura, en comisión de servicios, do posto de Policía Local nº 832 da Área de Seguridade Cidadá.

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por parte do Xefe Accidental do Corpo da Policía Local, solicítase a cobertura temporal de varios postos de Policía Local da Área de Seguridade Cidadá.

Dita cobertura temporal de postos solicítase porque se considera imprescindible para poder atender a carga de traballo existente na actualidade no Corpo da Policía Local.

Conforme ao informe do xefe accidental do Corpo da Policía é necesario a cobertura temporal de postos de policía local, debido fundamentalmente a que no ano 2021 e no que vai do ano 2022, producíronse máis de 20 xubilacións de policías, estando previsto que se produzan máis baixas por xubilacións nos vindeiros meses. Este elevado número de xubilacións está motivado pola nova normativa de xubilación específica de policía local, na que se permite a xubilación voluntaria anticipada a partir dos 59 anos. Todo isto conleva unha merma moi importante no cadro de persoal da policía ao que debe engadirse o retraso na incorporación dos novos efectivos da oferta de emprego público do ano 2021.

Segundo.- Con data 24 de marzo de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada pola Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior:

1. Policía Local (Servizo Seguridade Cidadá) referencia 832

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Un. Org.	Ref. posto	Posto traballo	Gr	N	Es.	Req.	Element. Espec.	FP	Adm.	Observac.
---------	-------------	----------	------------	----------------	----	---	-----	------	-----------------	----	------	-----------

								Espec.				
Seg. Cidadá	SE1000	Policía Local	832	Policía Local	C1	18	AE	Carnet A e B	FR06, JP(Nivel 5), FN(Nivel 5), TC, PG4	C	LPL	Funcionarios do Corpo da Policía Local de Galicia

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- Nos arts. 96 e 97 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulasen os procedementos extraordinarios de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira, entre os cales se atopan a comisión de servizos voluntaria e a adscrición provisional.

Artigo 96 Comisión de servizos voluntaria

- Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira poden proverse excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria nos seguintes casos:
 - Cando os postos estean vacantes, en canto non se proceda á súa provisión definitiva.
 - Cando os postos estean suxeitos a reserva legal da persoa titular destes, incluídos os casos en que o persoal funcionario de carreira sexa autorizado para realizar unha misión por período non superior a seis meses en programas de cooperación internacional.
 - Cando os postos estean ocupados por persoal funcionario de carreira que teña a condición de representante do persoal e teña recoñecido un crédito de horas para o desempeño desa función equivalente á xornada de traballo completa.
 - Cando concorran as circunstancias previstas no artigo 100 desta lei.
 - Por circunstancias excepcionais e debidamente motivadas, cando os postos de traballo estean ocupados por persoal funcionario de carreira que se atope en situación de incapacidade laboral e esta prevéxase de longa duración.
- En todo caso, para o desempeño dun posto de traballo en comisión de servizos voluntaria, o persoal funcionario deberá pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo. Con todo, para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia dos recursos humanos dispoñibles, o persoal funcionario de carreira poderá ocupar, con carácter temporal, mediante comisión de servizos voluntaria, un posto de traballo correspondente a unha escala de administración xeral ou especial sempre que posúa a titulación requirida para o acceso á escala correspondente ao posto de traballo e pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza á mesma escala do posto que sexa obxecto de cobertura.
- Regulamentariamente determinaranse os requisitos, a duración e o procedemento para a concesión das comisións de servizos previstas neste artigo.

Artigo 97 Adscrición provisional

- O persoal funcionario de carreira que cese nun posto de traballo sen obter outro polos procedementos ordinarios de provisión previstos neste capítulo quedará a disposición do órgano competente en materia de persoal da Administración pública na que estea destinado, quen procederá á súa adscrición provisional a un posto de traballo correspondente ao seu corpo ou escala na mesma localidade do posto que ocupase con carácter definitivo e con efectos do día seguinte á data do cesamento. Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, a consellería competente en materia de función pública autorizará esta adscrición cando implique cambio de consellería, entidade ou localidade, coa conformidade, neste último caso, da persoa afectada.
- Procede tamén a adscrición provisional nos casos de reingreso ao servizo activo ou de rehabilitación da condición de persoal funcionario de carreira, en canto non se obteña un posto de traballo con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos neste capítulo.
- Garántese ao persoal funcionario de carreira afectado polo previsto neste artigo, en todo caso, as retribucións que lle correspondan polo grao de progresión que se alcanzou na carreira profesional. Así mesmo, o persoal



funcionario que cese nun posto de traballo provisto por libre designación ou por supresión do posto que ocupase con carácter definitivo ou por alteración do contido do mesmo na relación de postos de traballo, ou que sexa removido dun posto provisto por concurso, en canto non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos neste capítulo e durante un prazo máximo de tres meses, percibirá as retribucións complementarias correspondentes ao posto que ocupase con carácter definitivo.

4. *En todo caso, para o desempeño en adscrición provisional dun posto de traballo, o persoal funcionario de carreira debe pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.*
5. *O persoal funcionario de carreira que se atope a disposición do órgano competente ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos situados en localidades que se atopen á distancia que se determine regulamentariamente da localidade do último posto que ocupase con carácter definitivo ou, á súa elección, da localidade do posto ao que estea adscrito provisionalmente. O incumprimento destas obrigacións determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular. Exceptúase do establecido neste apartado ao persoal de novo ingreso que non teña unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.*
6. *Reglamentariamente determinaranse os requisitos e o procedemento para a realización das adscricións provisionais previstas neste artigo 96.*

O art. 64.1 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que

Cando un posto de traballo quede vacante poderá ser cuberto, en caso de urxente e inaprazable necesidade, en comisión de servizos de carácter voluntario, cun funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo.

No apartado 3 do citado art. 64, sinala que *"As citadas comisións de servizos terán unha duración máxima dun ano prorrogable por outro en caso de non cubrirse o posto con carácter definitivo."*

Neste suposto trátase da ocupación dun posto de traballo vacante, entremetres non se provea de forma definitiva. Circunstancia prevista no art. 96.1.a) da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, como forma de proveerse excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria.

Polo tanto, ao tratarse dun suposto de posto vacante que ten que ser cuberto por urxencia e inaprazable necesidade, feito previsto no art. 96.1a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e no art. 64.1 do Real Decreto 364/1995, procede a súa ocupación mediante unha comisión de servizos voluntaria.

Segunda.- Con data 06/07/2022 e código de verificación 431208253G391T5W0T8B, o Xefe de Servizo de RR.HH. co conforme do Director de Economía, Facenda e Réxime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, así como o informe emitido polo xefe Accidental do Corpo da Policía Local de data 21/04/2022; remite unha proposta de nomeamento de Dona Cristina Rodríguez Iglesias, en comisión de servizos, no posto de Policía Local (nº ref. 832).

Terceira. Dona Cristina Rodríguez Iglesias (DNI ***1921**) é funcionaria de carreira da Policía Local do Concello de Lugo.

En base a proposta do Servizo de RR.HH., remitiuse ao Concello de Lugo, a petición do correspondente informe para a cobertura do posto citado pola funcionaria proposta, de conformidade co previsto no art. 54.1 do Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

A tenenta de alcaldesa do Concello de Lugo, delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos mediante documento asinado o 27/07/2022 (código verificación Ny6leZ6B8WayCifRaVXf), informa favorablemente a concesión da comisión de servizos solicitada: da funcionaria Dona Cristina Rodríguez Iglesias, funcionaria do Concello de Lugo, no posto de policía local do Concello da Coruña.

Cuarta.- Considerando a urgente necesidade de cobertura do posto de Policía Local do Concello da Coruña (nº ref. 832) e con fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do devandito Servizo, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96.1.a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 64.1 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Cristina Rodríguez Iglesias (DNI ***1921**), en comisión de servizos, ao posto de traballo de Policía Local do Concello da Coruña co número 832 na RPT.

Quinta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse por un ano máis. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe no Concello de Lugo.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.U. Org.	Un. Org.	Ref. posto	Posto traballo	Gr	N	Es.	Req. Espec.	Element. Espec.	FP	Adm.	Observac.
Seg. Cidadá	SE1000	Policía Local	832	Policía Local	C1	18	AE	Carnet A e B	FR06, JP(Nivel 5), FN(Nivel 5), TC, PG4	C	LPL	Funcionarios do Corpo da Policía Local de Galicia

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 132, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,



RESOLVE:

1.- Destinar a Dona Cristina Rodríguez Iglesias (DNI ***1921**), en comisión de servizos, ao posto de Policía Local do Concello da Coruña co número de referencia 832. As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Un. Org.	Ref. posto	Posto traballo	Gr	N	Es.	Req. Espec.	Element. Espec.	FP	Adm.	Observac.
Seg. Cidadá	SE1000	Policía Local	832	Policía Local	C1	18	AE	Carnet A e B	FR06, JP(Nivel 5), FN(Nivel 5), TC, PG4	C	LPL	Funcionarios do Corpo da Policía Local de Galicia

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse por un ano máis. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe no Concello de Lugo.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, ao xefe do Corpo da Policía Local e ao Concello de Lugo.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas